

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS  
INFANTIL

CURSO 2021-2022

MARÍA GONZÁLEZ GARCÍA, Mestra especialista en Lingua Estranxeira en Infantil  
e 1º Ciclo de Primaria.

## ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN .....	3
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE .....	4
3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS DE ETAPA .....	6
4. CONCRECIÓN DO CURRÍCULO PARA O SEGUNDO CICLO DE EI .....	8
5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA .....	13
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS .....	15
7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN .....	15
8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .....	16
9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES .....	16
10. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA E PROCESOS DE MELLORA .....	17

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

A etapa de Educación Infantil constitúe unha etapa educativa con identidade propia. Nesta etapa o desenvolvemento e aprendizaxe é un proceso dinámico. Cada neno e nena ten o seu ritmo e o seu estilo de maduración, desenvolvemento e aprendizaxe, por iso, a súa afectividade, as súas características persoais, as súas necesidades, intereses e estilo cognitivo, deberán ser tamén elementos que condicionen a práctica educativa.

A ensinanza dunha lingua estranxeira a unha idade temperá terá por obxectivo a **asimilación da lingua dun xeito lúdico e estimulante**. Deste xeito, o neno e a nena prepararase para un proceso continuado que abranguerá a Educación Primaria e Secundaria na súa totalidade.

Os nenos e nenas que teñen este contacto cunha lingua estranxeira na Educación Infantil desenvolverán, cun esforzo mínimo, un conxunto de aptitudes e capacidades (sobre todo de comprensión auditiva e de pronuncia) que lles axudará ao longo dos seus anos de estudo.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira é considerada un elemento enriquecedor na Educación Infantil, tanto polas necesidades culturais dos nosos tempos coma polo alto grao de compatibilidade dos procedementos involucrados na aprendizaxe do inglés cos obxectivos propostos pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio.

A educación infantil constitúe unha etapa educativa cos seus propios obxectivos, pero non se pode esquecer que se trata dunha etapa que ten a súa continuidade na educación primaria, o que fai esencial a coordinación entre as dúas etapas. O currículo desta etapa oríentase a lograr un **desenvolvemento integral** e harmónico da persoa nos distintos planos –físico, motor, emocional, afectivo, social e cognitivo- e a procurar as aprendizaxes que contribúen e fan posible o devandito desenvolvemento.

Debemos lembrar que o alumnado de educación infantil atópase nun período preoperacional, é dicir, a súa capacidade de abstracción é nula, o que quere dicir

que o seu mundo constrúese en función da súa realidade inmediata no tempo e no espazo.

A terceira lingua neste caso, debe introducirse dende o punto de vista lúdico e partindo do traballo en grupo, non só na área de comunicación e representación como as linguas ambientais, senón a través de todas as áreas, traballando e desenvolvendo as competencias básicas a través dun enfoque globalizado baseado en tarefas e proxectos nos que as TIC deben estar presentes.

O centro para o que se desenvolve esta programación é o **CEIP de Barouta**, situado no concello de Ames, limítrofe á cidade de Compostela. O alumnado provén de contornas socio familiares moi diversas, desenvolvendo a súa vida en núcleos maioritariamente urbanos ou semiurbanos.

A programación vai dirixida a un total de 75 nenos e nenas distribuídos en 3 grupos mixtos. Estes están repartidos do seguinte xeito:

<b>Grupo</b>	<b>nº de alumnos/as</b>	<b>distribución por niveis</b>
Infantil A	25	9 do 4º nivel, 7 do 5º nivel e 9 do 6º nivel
Infantil B	25	6 do 4º nivel, 10 do 5º nivel e 9 do 6º nivel
Infantil C	25	10 do 4º nivel, 8 do 5º nivel e 7 do 6º nivel

## **2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira contribúe á adquisición da **competencia en comunicación lingüística** de xeito directo. Unha aprendizaxe da lingua estranxeira, baseada no desenvolvemento de habilidades comunicativas, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia básica no mesmo sentido que o fai a primeira lingua ou mesmo outras linguas nas que o neno ou nena se ve en contacto.

A achega da lingua estranxeira ó desenvolvemento desta competencia é primordial no discurso oral dado que as habilidades de escoitar, falar e conversar, adquiren

unha relevancia singular nesta etapa. Así mesmo, a aprendizaxe da lingua estranxeira mellora a competencia comunicativa xeral

A partir da adquisición da linguaxe, esta convértese en vehículo do pensamento humano, en instrumento para a interpretación e a representación da realidade e na ferramenta de aprendizaxe por excelencia. Esta materia contribúe ao desenvolvemento da **competencia para aprender a aprender** posto que acrecenta a capacidade lingüística xeral conferíndolle novas potencialidades e recursos diferentes para a comprensión e a expresión.

Esta materia é ademais un bo vehículo para o desenvolvemento da **competencia social e cidadá**. As linguas sérvenlles aos/ás falantes para comunicarse socialmente, forman parte da cultura común das diferentes comunidades e nacións. Pero tamén, en boa medida, son vehículo de comunicación e transmisión cultural, e favorecen o respecto, o

interese e a comunicación con falantes doutras linguas e o recoñecemento e a aceptación das diferenzas culturais e de comportamento.

As competencias citadas están na actualidade en relación directa coa **competencia en tratamento da información e competencia dixital**. A utilización de recursos dixitais para a aprendizaxe é inherente á materia e o uso destas ferramentas contribúe directamente ao desenvolvemento desta competencia.

Esta materia inclúe especificamente un achegamento a manifestacións culturais propias da lingua e dos países nos que se fala e, polo tanto, contribúe a adquirir a **competencia artística e cultural** xa que propicia unha aproximación a obras ou autores que contribuíron á creación artística e literaria de dita cultura.

O coñecemento dunha lingua estranxeira tamén contribúe á adquisición da **competencia en autonomía e iniciativa persoal**, en varios sentidos. O currículo fomenta o traballo cooperativo na aula, e o manexo de recursos e habilidades persoais dentro da área “O coñecemento de si mesmo/a e a autonomía persoal”, e isto supón poñer en funcionamento determinados procedementos que permiten o desenvolvemento de iniciativas e toma de decisións no traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.

Finalmente, e a pesar de que a **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico e a Competencia matemática** non se mencionan especificamente nos obxectivos para Lingua Estranxeira, por mor da natureza dos materiais, pódense atopar moitas oportunidades de empezar a desenvolver tamén estas competencias.

Nesta proposta didáctica se atende as tres idades de infantil de forma adaptada (materiais, tarefas...), polo tanto tratouse de que a temática e materiais foran comúns, pero adaptando as actividades a cada nivel de acordo ás súa idade.

En canto os contidos debemos sinalar que serán introducidos cunha orde progresiva de dificultade, e o vocabulario traballado será máis reducido co alumnado de tres anos.

### **3. CONCRECIÓNS DOS OBXECTIVOS DE ETAPA.**

O Decreto 330/2009, do 4 de xuño que establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, distingue como finalidade esencial a contribución desta etapa ó desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual dos nenos e nenas.

Sinalando que nesta etapa se atenderá progresivamente ó desenvolvemento afectivo, ó movemento e ós hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación da linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ó descubrimento das características físicas e sociais do medio. De igual xeito potenciarase a transmisión daqueles valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, o respecto, a xustiza, a prevención de conflitos e as súa resolución pacífica, a non-violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como o desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade entre homes e mulleres.

Os **obxectivos fundamentais** de educación infantil son:

- Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferencias.

- Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lecto-escritura e no movemento, no xesto e no ritmo.

En canto **aos obxectivos específicos**, ao finalizar a etapa de educación infantil, os nenos e nenas serán capaces de:

- Mostrar unha actitude positiva e respectuosa cara o inglés, a cultura anglosaxoa, e outras culturas diferentes á súa.
- Familiarizar ao neno e a nena desta etapa co idioma estranxeiro, de xeito que o vexa natural.
- Comprender de forma global mensaxes orais sinxelas referidas a situacións próximas a eles.
- Expresar sentimentos e desexos mediante a linguaxe oral usando o idioma estranxeiro.
- Utilizar diversas formas de comunicación (verbal e non verbal) en situacións cotiás referidas ós seus centros de interese.
- Familiarizar ó alumnado con vocabulario sinxelo.
- Amosar unha actitude receptiva na aprendizaxe do idioma estranxeiro.
- Recoñecer os aspectos sonoros, rítmicos e de entoación do inglés.
- Comprender as fórmulas básicas de interacción social: saúdos, fórmulas de cortesía...
- Utilizar recursos non lingüísticos para comprender e facerse comprender: técnicas plásticas, mimo...

- Mostrar comprensión do vocabulario obxecto de estudio mediante as respostas físicas, xestos de expresión...

#### **4. CONCRECIÓN DO CURRÍCULO PARA O SEGUNDO CICLO DE EI.**

Seguindo o Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, as tres áreas principais desta etapa son:

1. Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal
2. Coñecemento da contorna.
3. Linguaxes: comunicación e representación.

Aínda que pode contribuír nas demais áreas, quizais a área máis importante para a Lingua Estranxeira é a da **comunicación e representación**. Esta área de coñecemento e experiencia pretende tamén mellorar as relacións entre o neno/a e o medio. As distintas formas de comunicación e representación serven de nexo de unión entre o mundo exterior e interior ao ser instrumentos que fan posible a representación da realidade, a expresión de pensamentos, sentimentos e vivencias e as interaccións cos demais.

No uso de distintas linguaxes, nenas e nenos irán descubrindo a mellor adaptación de cada un deles á representación das distintas realidades ou dimensións dunha mesma realidade. Desta maneira facilitarase que acomoden os códigos propios de cada linguaxe ás súas intencións comunicativas, acercándose a un uso cada vez máis propio e creativo de ditas linguaxes.

As diferentes formas de comunicación e representación que se integran nesta área son: a linguaxe verbal, a linguaxe plástica, a linguaxe musical, a linguaxe corporal, a linguaxe audiovisual e a linguaxe das tecnoloxías da información e a comunicación.

Por outra banda, a **linguaxe oral é especialmente relevante** nesta etapa, é o instrumento por excelencia de aprendizaxe, de regulación da conduta e de manifestación de vivencias, sentimentos, ideas, emocións, etc. A verbalización, a



explicación en voz alta, do que están aprendendo, do que pensan e o que senten, é un instrumento imprescindible para configurar a identidade persoal, para aprender, para aprender a facer e para aprender a ser. Coa lingua oral irase estimulando, a través de interaccións diversas, o acceso a usos e formas cada vez máis convencionais e complexas.

No segundo ciclo de Educación Infantil preténdese que nenos e nenas descubran e exploren os usos da lectura e a escritura, espertando e afianzando o seu interese por elas. A utilización funcional e significativa da lectura e a escritura na aula, levaralles propiedades do texto escrito e das súas características convencionais cuxa adquisición completárase no primeiro ciclo de Primaria.

Así mesmo, é necesario o desenvolvemento de actitudes positivas cara á propia lingua e a dos demais, **espertando sensibilidade e curiosidade por coñecer outras linguas**. Na introdución dunha lingua estranxeira valorárase dita curiosidade e o acercamento progresivo aos significados de mensaxes en contextos de comunicación coñecidos, fundamentalmente nas rutinas habituais de aula.

A linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e a comunicación presentes na vida infantil, requiren un tratamento educativo que, a partir do uso, inicie a nenas e nenos na comprensión das mensaxes audiovisuais e na súa utilización adecuada.

A continuación preséntanse, os obxectivos, contidos e criterios de avaliación, establecidos no currículo oficial dirixidos á adquisición da lingua estranxeira: inglés. Tamén se establece unha relación entre os distintos elementos e as competencias clave ás que se contribúe en cada caso, así como a temporalización dos mesmos.

ÁREA: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

NIVEL: 4º

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	INDICADORES DE LOGRO TEMPORALIZACIÓN	CC ASOCIADA
<p>Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira e amosar interese e gozo ao participar nestes intercambios comunicativos.</p>	<p>Interese por expresarse nunha lingua estranxeira, amosando unha actitude positiva cara a esta lingua.</p>	<p>Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais, en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.</p>	<p><b>1ª, 3ª AVALIACIÓN</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Mantén unha actitude positiva cara á lingua estranxeira.</li> </ul> <p><b>2ª AVALIACIÓN</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Participa empregando formas non lingüísticas (xestos, accións) en actividades desenvolvidas na lingua estranxeira.</li> </ul> <p><b>2ª, 3ª AVALIACIÓN</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Gusta de participar nas actividades lúdicas propostas de imitación e repetición de sons, palabras e enunciados significativos.</li> <li>Amosa interese por coñecer cancións e rimas noutra lingua.</li> </ul>	<p>CCL CSC CAA</p>

**ÁREA: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

**NIVEL: 5º**

<b>OBXECTIVOS</b>	<b>CONTIDOS</b>	<b>CRITERIOS AVALIACIÓN</b>	<b>INDICADORES DE LOGRO TEMPORALIZACIÓN</b>	<b>CC ASOCIADA</b>
<p>Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira e amosar interese e gozo ao participar nestes intercambios comunicativos.</p>	<p>Interese por expresarse nunha lingua estranxeira, amosando unha actitude positiva cara a esta lingua.</p>	<p>Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais, en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.</p>	<p><b>1ª, 3ª AVALIACIÓN</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Mantén unha actitude positiva cara á lingua estranxeira.</li> </ul> <p><b>2ª AVALIACIÓN</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Emprega expresións convencionais de cortesía de saúdo, na lingua estranxeira.</li> <li>• Emprega expresións convencionais de cortesía de despedida, na lingua estranxeira.</li> </ul> <p><b>3ª AVALIACIÓN</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Gusta de participar nas actividades lúdicas propostas de imitación e repetición de sons, palabras e enunciados significativos.</li> <li>• Amosa interese por coñecer cancións e rimas noutra lingua.</li> </ul>	<p>CCL CSC CAA</p>

**ÁREA: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

**NIVEL: 6º**

<b>OBXECTIVOS</b>	<b>CONTIDOS</b>	<b>CRITERIOS AVALIACIÓN</b>	<b>INDICADORES DE LOGRO TEMPORALIZACIÓN</b>	<b>CC ASOCIADA</b>
<p>Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira e amosar interese e gozo ao participar nestes intercambios comunicativos.</p>	<p>Interese por expresarse nunha lingua estranxeira, amosando unha actitude positiva cara a esta lingua.</p>	<p>Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais, en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.</p>	<p><b>1ª, 3ª AVALIACIÓN</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Mantén unha actitude positiva cara á lingua estranxeira.</li> </ul> <p><b>2ª AVALIACIÓN</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Emprega expresións convencionais de cortesía de saúdo, na lingua estranxeira.</li> <li>• Emprega expresións convencionais de cortesía de despedida, na lingua estranxeira.</li> </ul> <p><b>3ª AVALIACIÓN</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Gusta de participar nas actividades lúdicas propostas de imitación e repetición de sons, palabras e enunciados significativos.</li> <li>• Amosa interese por coñecer cancións e rimas noutra lingua.</li> </ul>	<p>CCL CSC CAA</p>

En canto aos contidos, estes xirarán arredor das seguintes temáticas:

<b>4º INFANTIL</b>	<b>5º INFANTIL</b>	<b>6º INFANTIL</b>
<b>3- 4 palabras</b>	<b>5- 6 palabras</b>	<b>7- 8 palabras</b>
School	School	School
Family	Family	Family
Toys	Toys	Toys
Body	Body	Body
Animals	Animals	Animals
	Food	Food
		Clothes

Estes contidos serán traballados ao longo dos tres anos da etapa de infantil con distinta profundización nos aspectos de vocabulario axeitados a cada nivel, tal e como se sinala na táboa.

A maiores, traballaremos nas seguintes festividades ao longo do curso:

- Halloween
- Christmas
- Easter

## **5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA.**

Aínda que o enfoque xeral é o comunicativo, outras teorías e enfoques influenciarán o proceso de ensinanza aprendizaxe. O método e enfoque que adoptemos en cada momento dependerá da actividade que se está a realizar: Total Physical Response estará presente cando usemos cancións mediante a mímica, TELL (Technology Enhance Language Learning) ou CALL (Computer Assisted Language Learning).

Esta programación céntrase nunha metodoloxía centrada no alumnado e atende aos seguintes principios:

- **Ensinar e aprender a comunicar na lingua como o obxectivo máis importante do proceso ensinanza/aprendizaxe.**

O Real Decreto 1513/2006 define a adquisición da competencia comunicativa como o obxectivo fundamental do noso currículo. O Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas explica que “todas as competencias humanas contribúen dunha maneira ou outra na habilidade para comunicar do usuario e deben ser vistas como aspectos da competencia comunicativa”

- **Integración das distintas destrezas (skills).**

Debemos favorecer a integración das diferentes destrezas, xa que fóra da clase a maior parte das actividades comunicativas presentan máis dunha única destreza lingüística á vez. Nas nosas actividades daremoslle preferencia ao listening sobre o speaking e ao reading sobre o writing, é dicir as competencias receptivas precederán ás produtivas.

- **A progresión global do proceso de aprendizaxe.**

A adquisición da primeira lingua é sempre global e cíclica e mostra a existencia de períodos nos cales o usuario parece volver atrás no seu proceso de aprendizaxe, e períodos nos cales parece avanzar rapidamente. Para acadar un entendemento global da lingua estranxeira, debemos tamén tratar de seguir unha progresión cíclica e asegurar que os contidos son revisados sistematicamente e que aparecen en contextos novos para os estudantes.

- **Uso das TIC para promover a aprendizaxe.**

Segundo o Decreto 130/2007 de 28 de xuño, a introdución das TIC na nosa práctica diaria debe ser fundamental para desenvolver nos nosos alumnos a competencia dixital. Mediante elas promoveremos a motivación e melloraremos a nosa práctica pedagóxica. Nas nosas clases o uso de ferramentas como o ordenador e o canón será habitual a través de actividades interactivas, presentacións en PowerPoint, visionado de películas, etc.

## **6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.**

Recursos da aula:

- Ordenador, canón de vídeo, encerado dixital e cantos xurdan e axuden a completar o proceso de ensino e aprendizaxe.

Recursos específicos:

- Flashcards, story cards, word cards, pósters, puppets, realia, recursos dixitais variados, materiais extra elaborados pola mestra, fichas de traballo, libros CD de lectura, libros de lectura e consulta e xogos.

## **7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.**

A avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe será global, continua e formará parte do proceso educativo, con carácter formativo, orientador e auto corrector do proceso.

O principio farase unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida do alumnado e os seus coñecementos previos.

Logo levarase a cabo unha avaliación formativa para coñecer os logros e dificultades, axustando a nosa práctica docente as necesidades do grupo e de cada alumno en particular.

O rematar cada período de ensinanza-aprendizaxe haberá avaliación sumativa para coñecer o nivel acadado.

Os criterios de avaliación serán:

- Observación directa e diaria na aula.
- Seguimento dos traballos realizados polo alumnado.

## **8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

Establécese como principio fundamental que debe rexer toda a ensinanza básica, co obxectivo de proporcionar a todo o alumnado unha educación adecuada ás súas características e necesidades. De acordo co Decreto 229/2011 do 7 de decembro, que regula a atención á diversidade do alumnado:

- A intervención educativa debe contemplar como principio a diversidade do alumnado adaptando a práctica educativa ás características persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivo dos nenos e nenas, dada a importancia que nestas idades adquiren o ritmo e o proceso de maduración.
- As administracións educativas establecerán procedementos que permitan identificar aquelas características que poidan ter incidencia na evolución escolar dos nenos e nenas. Así mesmo facilitarán a coordinación de cantos sectores interveñan na atención deste alumnado.
- Os centros adoptarán as medidas oportunas dirixidas ao alumnado que presente necesidade específica de apoio educativo.
- Os centros atenderán aos nenos e nenas que presenten necesidades educativas especiais buscando a resposta educativa que mellor se adapte ás súas características e necesidades persoais.

Co fin de atender á diversidade, proporcionaremos os seguintes recursos:

- Proposta de actividades opcionais relacionadas coas distintas estacións e festividades do ano.
- Xogos para traballar o vocabulario.
- Cancións para cantar e practicar na casa.

## **9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

Levaranse a cabo aquelas actividades recollidas no Plan Xeral Anual aprobado polo Claustro de profesorado e polo Consello Escolar.



## **10.MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.**

A avaliación continua terá un carácter formativo coa finalidade de orientar ao profesorado nos procesos de ensino e aprendizaxe e de adoptar as decisións que axuden a superar as posibles dificultades atopadas no mesmo.

Por outra banda, esta programación é un documento aberto, flexible e adaptable ás circunstancias e características específicas dos diferentes grupos. Así, a programación axustarase en función de:

- Consecución de obxectivos, contidos e competencias clave.
- Adecuación a distintas metodoloxías, agrupamentos, tempos, espazos e recursos.
- Coordinación e comunicación coas docentes titoras e especialistas.
- Integración nos proxectos e actividades do centro.